



ACTA DA MESA SECTORIAL EXTRAORDINARIA DO 11 DE XANEIRO DE 2019

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico
Javier García Caeiro.- Xefe de servizo de Relacións Laborais
Manuel Díaz López.- Xefe de servizo de Selección Temporal
Silvia Negreira Vidal. - Xefa de servizo de Recursos e Reclamacións.
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais:

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Manuel González Moreira (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)
Emilio A. Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)
Antonio R. Barca Romero (CESM-O'MEGA)
Emilia Lamas Seoane (CCOO)
Ana Belén Puga Bello (CCOO)
María de la Luz Fernández Tuñas (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
Ana Luisa López López (SATSE)
María Emma Rodríguez Corte (SATSE)

Lugar : Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 11:15 h. Hora de remate: 13:30 h.

Asistentes: Os membros da Mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

- 1.- Nomeamento estatutario temporal de continuidade.
- 2.- Rogos e preguntas.

1.- Nomeamento estatutario temporal de continuidade

A directora xeral de Recursos Humanos abre a reunión avanzando de xeito breve os aspectos máis importantes da proposta da Administración, cuxo contido íntegro é enunciado a continuación pola subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico:

- Obxecto do nomeamento: cubrir de xeito óptimo e eficiente as necesidades asistenciais conxunturais, garantir a estabilidade laboral do persoal afectado e reducir o número de chamamentos sucesivos.





- Categorias destinatarias: persoal médico de familia e pediatra de atención primaria. De futuro, poderíase estender a outras categorías profesionais.
- Ámbito de actuación: o réxime de prestación dos servizos poderá abranguer dous ou máis centros do mesmo distrito sanitario. Excepcionalmente, por razóns xeográficas ou volume de persoal do centro, poderá incluír un único centro de atención primaria.
- Selección de persoal: a través das vixentes listaxes de vinculacións temporais do Servizo Galego de Saúde.
- Duración do nomeamento: 12 meses, susceptibles de prórrogas de idéntica duración, ata unha duración máxima total de tres anos.
- Creación de prazas de estrutura: á finalización dos nomeamentos, se a prestación dos servizos se estendese por un período acumulado de 12 ou máis meses nun período de dous anos, poderase valorar a creación de prazas estruturais a nivel de distrito ou dos centros, para a cobertura das necesidades consideradas.
- Réxime xurídico: o persoal vinculado con estes nomeamentos gozará dos mesmos dereitos e obrigas que o restante persoal do/s centro/s a que estea vinculado, en particular do mesmo réxime de descansos, permisos e vacacións.

A directora xeral fai fincapé na maior estabilidade que para os profesionais suporía este nomeamento, subliñando que o ámbito prestacional non superará o distrito, a aplicación do pacto de selección temporal, a garantía dos dereitos retributivos, descansos, etc., na mesma medida que para o persoal de cadro. É un documento que trata de atender as necesidades e tamén as demandas expresadas polas organizacións sindicais, ás que se solicita o seu apoio e que o valoren como un texto que se pode ir mellorando gradualmente co tempo, implementando as adaptacións que resulten precisas sen prexuízo de que se inicie a súa aplicación con carácter inmediato.

As OOSS formulan as súas primeiras valoracións ao respecto, que a seguir reflíctense resumidamente:



- CIG sostén que o documento e a idea de reforma da atención primaria preconizada pola Administración non obedecen ás súas concretas demandas, e expón diversas dúbidas e cuestións sobre varios aspectos da proposta: bota en falla datos dos nomeamentos temporais e as súas causas nos últimos anos (información da que as xerencias xa deberían dispoñer, para coñecer as necesidades reais), non se concretan as unidades e centros de prestación de servizos, se o tipo de nomeamento abrangue só reforzos ou tamén substitucións -o que, no seu caso, podería poñer en risco a continuidade asistencial-, non se indica cómo se van configurar as carteleiras e con qué antelación se darán a coñecer, cómo quedarían as gardas nos PAC ou a incidencia na xornada complementaria. Ao fío disto, pide unha data para a seguinte reunión sobre as condicións laborais nos PAC.

- CESM-O'MEGA. Dentro desta coalición, CESM opina que a proposta resulta en principio interesante na procura dunha maior estabilidade, aínda que suscite dúbidas, como a incidencia nas substitucións nominais (particularmente naquelas zonas nas que existe unha alta intersubstitución) e na atención continuada, o ámbito territorial, as adaptacións que requiriría a normativa de selección temporal para dar encaixe a este tipo de nomeamento, ou o risco de abusos no seu emprego polas xerencias, co pretexto da falta de profesionais; e solicita que se inclúan aspectos retributivos como a percepción do complemento de produtividade variable ou a carreira profesional.

O'MEGA valora que a proposta mellora a situación actual, pero ten lagoas: debería abordar a problemática do desdoblamento de cotas, a cadencia de gardas e libranzas, a cobertura ininterrompida de baixas e a garantía dos dereitos e descansos por maternidade/paternidade; xunto con aspectos retributivos como a produtividade variable ou o cómputo do tempo do nomeamento aos efectos da carreira.

- CCOO denuncia que a Administración autonómica difundiu nos medios diversos aspectos do documento, cando ás OOSS se lles pedira discreción. Respecto ao seu contido, este sindicato está de acordo en darlle estabilidade aos profesionais, como se recolle no texto, pero precisa dunha maior concreción en aspectos tales como datos de contratación (que deberían recollese das xerencias), xornada e réxime de descansos (pola súa afectación á seguridade no traballo), límites ás distancias entre centros do mesmo ámbito, darlle visibilidade aos PAC, especificar o

carácter voluntario do nomeamento, concretar as carteleiras, diferenciando a xornada ordinaria da complementaria -no seu caso-, así como a cadencia de sábados.

- UGT critica que se decatase da existencia deste documento pola prensa, pois semella que o seu contido está pechado e non resta nada por negociar na Mesa sectorial. A proposta valóraa positivamente, e recolle aspectos abordados en épocas anteriores e tamén noutros servizos de saúde. Avisa as súas reticencias co ámbito territorial do distrito sanitario, pois o a provisión no eido da atención primaria é por localidade, centro e quenda; cando menos deberían establecerse isócronas, dado que hai distritos cunha extensión moi ampla. Cuestiona que a oferta do nomeamento de interinidade sexa por unha soa vez. Solicita unha maior concreción de temas retributivos (nomeadamente, CPV) e de xornada, de xeito particular pola afectación dos PAC.

- CSI-F tamén critica a difusión previa do documento, mais parécelle positivo e pídelo á Administración un esforzo en facer atractivo este nomeamento, detallando máis a regulación de determinados aspectos como a xornada e as libranzas, ou abrindo a súa aplicación ao colectivo de enfermaría. Considera preferible que o nomeamento sexa voluntario, pois do contrario pode xerar desconfianza entre os profesionais.

- Para SATSE deben aclararse determinados aspectos para ver as vantaxes que ofrece a proposta, pois tal como está redactada non semella que represente melloras respecto ás acumulacións de tarefas de varios meses. En calquera caso, debe incluírse no seu ámbito de aplicación o persoal de enfermaría.

A Administración sanitaria, logo de responder ás diversas cuestións suscitadas, conclúe que cabe incorporar determinadas melloras e aclaracións no texto en aspectos relativos á concreción dos centros, as carteleiras, as gardas e as retribucións, así como na selección do persoal; todo en aras dunha pronta aplicación deste nomeamento. Con todo, calquera matiz que se introduza debe estar presidido polos principios de equidade e respecto á normativa vixente, equiparando os profesionais en todo o que resulte equiparable co persoal de cadro (non é doado na programación das carteleiras, por exemplo) mais sen introducir modificacións substanciais nos sistemas existentes; neste último senso, a idea da voluntariedade proposta

por algunhas organizacións pode alterar os criterios xerais establecidos no pacto de selección temporal.

A Administración solicítalle ás OOSS que remitan as súas alegacións, preferentemente en formato breve (dada a sistemática do documento) nos vindeiros días, de cara a unha reunión de peche que se acorda celebrar o próximo martes 15 de xaneiro.

2.- Rogos e preguntas

CIG insiste en que se convoque unha Mesa sectorial ou outro tipo de xuntanza para abordar de xeito monográfico as cuestións que atinxen especificamente o persoal dos PAC. A Administración lembra que na última mesa foron as OOSS as que sostiveron que se separase esta proposta do tratamento dos restantes temas relativos aos PAC, ao que a Administración accedeu e están cumprindo. En consecuencia, procede primeiro rematar a negociación do nomeamento de continuidade, para logo continuar coas restantes cuestións laborais e retributivas dos PAC.

Logo de tratar os asuntos recollidos na acta, péchase a sesión ás 13:30 horas.